

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

UNIVERSIDADE DE VIGO

RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2017 pola que se publica a oferta de emprego público do persoal docente e investigador para o ano 2017.

Conforme o disposto no artigo 70 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; no artigo 19 da Lei 3/2017, do 28 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017; nos artigos 12 e 34 da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017; o artigo 62.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, así como nos estatutos da Universidade de Vigo e no acordo do Consello de Goberno do 22 de novembro de 2017, polo que se aprobou a oferta de emprego público do persoal docente e investigador para o ano 2017, logo da negociación cos órganos de representación do persoal docente e investigador, unha vez obtida a autorización da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, con data 18 de decembro de 2017, tal e como se determina nos artigos 12 e 34 da Lei 1/2017,

RESOLVO:

Primeiro. Publicar a oferta de emprego público do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo para o ano 2017.

Segundo. Esta oferta de emprego público inclúe as necesidades de recursos humanos de carácter permanente no ámbito docente e investigador con asignación orzamentaria que non poden ser cubertas con efectivos de persoal existentes, segundo se detalla no anexo.

Terceiro. As convocatorias dos concursos de acceso derivadas desta oferta publicaranse no *Boletín Oficial del Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*, para garantir a publicidade exixida no artigo 62.1 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e executaranse dentro do prazo máximo previsto no artigo 70 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

Vigo, 19 de decembro de 2017

Salustiano Mato de la Iglesia
Reitor da Universidade de Vigo



ANEXO
**Oferta de emprego público do persoal docente e investigador
da Universidade de Vigo**

Ano 2017

Persoal docente e investigador contratado doutor

Categoría	Prazas
Profesorado Contratado doutor	14

Persoal docente e investigador dos corpos docentes universitarios

Categoría	Prazas
Profesor/a titular de universidade	17
Profesor/a titular de universidade	3 (reserva do 15 % para persoal investigador doutor que finalizase o programa Ramón y Cajal e dispoña da certificación I3)
Total de prazas	20

Quenda de promoción interna

En aplicación do disposto no artigo 62.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, inclúense na OPE para o ano 2017 as seguintes prazas polo procedemento de promoción interna:

Categoría	Prazas
Catedrático/a de universidade	20

